

CRITERIOS DE AVALIACIÓN. TRIBUNAL 12. VENTO-MADEIRA II

PARTE A

Interpretación dun programa de ata trinta minutos, integrado por obras e/ou estudos dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso a estes estudos.

O tribunal poderá escoitar a totalidade ou unha parte do repertorio presentado.

Criterio de avaliación

1 A.- Control técnico (40%):

Control da técnica de respiración e dosificación do aire.

Exactitude na execución de pasaxes

Control da afinación

Amplitude do rango da dinámica

Calidade do son.

2 A.- Adecuación ao texto. (40%)

Adecuación da execución ás diferentes indicacións reflexas nas partituras: alturas, métrica, agónica, dinámica e articulación.

3 A.- Expresividade 20%

Contribución artística que, en coherencia coa partitura, propoña o aspirante na súa interpretación, así como a adecuación da interpretación ao estilo, época ou compositor debidamente informada.

Parte B

Análisis da obra ou fragmento musical proposto.

Criterio de avaliación

1 B.- Correcta identificación, nunha obra ou fragmento tonal, dos elementos básicos que conforman unha obra, tales como: forma, fraseo, temas, motivos, procedementos de desenvolvemento motivico, acordes e procedementos harmónicos, tonalidades, funcións harmónicas e relacións tonais, cadencias, procesos modulantes e imitativos, notas de adorno, texturas, estilo e contexto histórico, recursos rítmicos, etc.

As respostas correctas sumarán 0,5 puntos, as incorrectas restarán 0,1 puntos e as preguntas en branco non puntuarán.

PARTE C

Interpretar a primeira vista un fragmento musical proposto polo tribunal.

Criterio de avaliación

1 C.- Exactitude na execución das alturas, métrica e articulación; adecuación ao tempo marcado ou ó carácter do fragmento. (60%)

2 C.- Expresividade: adecuación ás dinámicas, á agónicas, ó estilo do fragmento proposto e a contribución artística que, en coherencia coa partitura, propoña o aspirante. (40%)